




XANDOBELA  
XESTIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL

www.xandobela.info  
info@xandobela.info

# *Lois Pereira na voz da xente*

PROPOSTA LÚDICO-PARTICIPATIVA EN TORNO AO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



## ∴ Contexto e Motivación ∴



O Día das Letras Galegas é unha data para conmemorar a obra e figura dunha “persoa de calidade cultural e humana que mereza propoñerse como exemplo á sociedade galega de hoxe” (Estatutos da RAG. Capítulo 2, Artigo 7). Mais sabido é que en ocasións as accións conmemorativas pouco alén van da edición dunhas poucas obras e a organización de congresos e actos protocolarios. Adoita acontecer que, en pasado o día, a cidadanía esquece por

regra xeral ao persoeiro, pois non participou activamente nas actividades que o lembraban e adoita ver o seu traballo coma algo lonxano, cando non propio dunha elite.

No Día das Letras Galegas 2011 adicado a Lois Pereiro podemos facer unha achega á obra e vontade existencial deste grande poeta a través de discursos e libros que pouca xente le, coma decote, ou ver de achegar á súa obra e figura de xeito vivenciado e participativo por parte da cidadanía.

En definitiva, a proposta de Xandobela, ao igual que en anos anteriores, é promover unha actividade participativa e lúdica que posibilite un achegamento vivenciado á figura de Lois Pereiro, mediante a que cada participante poida elaborar a súa propia visión do persoeiro.

## ~ :: Obxectivos :: ~



### Xeral:

- Achegar de forma lúdica e vivenciada a figura de Lois Pereiro aos/as rapazas/ces.



### Específicos:

- Xerar e fortalecer dinámicas creativas de interacción encol da arte, facendo fincapé na dimensión literaria.
- Ofrecer outro punto de vista á hora de estudar a figura dun escritor.
- Fomentar a simpatía e achegamento á cultura e á lectura dende o xogo.



## ~ ❖ Metodoloxía ❖ ~

Baseámonos nunha metodoloxía participativa, activa, construtivista e flexible, tentando en todo momento que os rapaces/zas sexan os/as protagonistas da acción, para favorecer, deste xeito, unha aprendizaxe significativa. A mellor maneira de acadar estes obxectivos é empregar o xogo e as actividades lúdicas

como conduto cara ao coñecemento, pois así promovemos unha mellor disposición, motivación e ánimo cara os contidos de saber que desexamos dinamizar. Acadamos ademais unha acción de desfrute válida en si mesma, pois a fin propia do xogo é xogar e desfrutar facéndoo.

## ~ :: Proposta de Actuación :: ~

### Actividades

Dado que todos os centros de ensino, bibliotecas, centros culturais... han tratar no mes de maio a vida e obra deste home, propoñemos un xeito de facermos unha achega lúdica e creativa a este persoeiro. Propoñemos un xogo didáctico no que se tenta rachar coa relación que moitos rapaces e rapazas manteñen entre todo o que cheira a 'cultura' e o aburrimiento e desidia, para que aprendan feitos e aspectos da vida e obra de Lois Pereiro dun xeito ameno e lúdico.

Podemos, logo, distinguir os seguintes momentos ou fases que se engloban no proxecto 'Lois Pereiro na voz da xente':



#### *Introdución-presentación:*

Trataremos a figura de Lois Pereiro de forma breve e tratando sempre de actuar de tal forma que a información que se proporcione sexa atractiva á vez que significativa. A parte de falar do autor aproveitaremos para introducir ás/aos participantes na aventura que se vai suceder, contextualizando a actividade e animándoos e motivándoos para participar de maneira activa na xincana e facer apetecible, desta maneira, a proposta de achegamento á vida e obra do poeta Lois Pereiro. Trátase, en definitiva, de crear expectativas, de suscitar curiosidade e de motivar aos rapaces/zas.



#### *Xincana literaria:*

A modo de xincana literaria, os rapaces e rapazas terán que superar unha serie de probas vencelladas coa figura que queremos homenaxear. A posta en escea será fundamental: en cada unha destas probas haberá un/ha educador/a caracterizado/a que dará información sobre un aspecto da vida do poeta e propondrá un reto a superar.



### *Espectáculo-cantontos:*

Trátase dun contacontos musicado que servirá para rematar a actividade, para tomar conclusións, para aglutinar os contidos que ao longo da dinámica se lles foron proporcionando aos rapaces/zas participantes a través da xincana, para asentar conceptos e coñecementos dunha maneira sosegada, pero divertida ao mesmo tempo...



### *Material Didáctico:*

O soporte impreso tamén ten cabida en 'Lois Pereiro na voz da xente'. Deseñárase e elaborárase unha completa unidade didáctica en torno á figura de Lois Pereiro, a súa biografía, a súa obra, o seu entorno, o momento histórico no que se ubica...

## *Temporalización*

A duración da sesión será de unha hora e media aproximadamente (dez-quinze minutos para a introducción e presentación da actividade; unha hora para a realización da xincana literaria; dez-quinze minutos para as conclusións musicadas).

## *Destinatarios / as*

Este proxecto está concebido para rapaces/zas (máximo 60 persoas) de secundaria principalmente.



**MÁS INFORMACIÓN:**

**NEREA COUSELO FERNÁNDEZ**

**ENDEREZO ELECTRÓNICO:** [NEREA@XANOBELA.INFO](mailto:NEREA@XANOBELA.INFO)

**TELÉFONO:** 649.702.194

Avda. Quiroga Palacios 50-baixo - 15.703 Compostela - A Coruña - Galiza  
tlfno/fax: 981 575 738 - 605 831 323 -info@xandobela.info- www.xandobela.info